

MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ENFERMARÍA.  
ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA 24/04/2015

**Título I. Artigo 4.**

Onde cita:

O domicilio social da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria

Debe substituírse por:

O domicilio social e fiscal da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria

Onde cita:

Rúa de F. García Lorca, Nº 18, 3º b

E-mail: agefec@hotmail.com ou agefec@agefec.org

Debe substituírse por:

Rúa Xosé Chao Rego, 8 baixo. 15705 Santiago de Compostela

E-mail: secretariatecnica@agefec.org ou agefec@agefec.org

**Título I. Artigo 9. Punto 1.**

Onde cita:

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída de conformidade ao quorum establecido no artigo 24 destes Estatutos, sendo necesario para a aprobación da modificación o voto favorable da maioría cualificada dos votos que correspondan aos membros presentes.

Debe substituírse por:

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

Para proceder a modificación dos estatutos será necesaria unha maioría de 2/3 dos votos presentes ou representados.

**Título II. Artigo 11. Punto 1 b.**

Onde cita:

Os D.U.E. que cursan o Programa Nacional das Especialidades de Enfermaría relacionadas ca Atención Primaria.

Debe substituírse por:

Os enfermeiros/as que cursan o Programa Nacional das Especialidades de Enfermaría relacionadas ca Atención Primaria.

**Título II. Artigo 11. Punto 1 c.**

*Engadir a seguinte cita como novo punto 1 c :*

Os enfermeiros/as que pola súa valía profesional no ámbito asistencial, docente ou

investigador se consideren de relevancia para a Enfermaría Familiar e Comunitaria.

#### **Título IV. Capítulo Primeiro. Artigo 24.**

##### Onde cita:

1. A Asemblea Xeral, en sesións tanto ordinarias como extraordinarias, quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría simple dos membros con dereito a voto. En segunda convocatoria, que se celebrará como mínimo media hora máis tarde da primeira, quedará validamente constituída a Asemblea sexa cal fora o número de membros asistentes con dereito a voto.
2. Malia o disposto no apartado anterior, para que a Asemblea Xeral poida adoptar validamente acordos relativos ás materias establecidas no artigo 27 número 2 destes Estatutos, será necesario que concurran á mesma, tanto en primeira como en segunda convocatoria, cando menos un número igual ou superior ao 20% do total de membros con dereito a voto.

##### Debe substituírse por:

1. A Asemblea Xeral, tanto en sesión ordinaria como extraordinaria, quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.
2. Malia o disposto no apartado anterior, para que a Asemblea Xeral poida adoptar validamente acordos relativos ás materias establecidas no artigo 27 número 2 destes Estatutos, será necesario acadar alomenos o voto favorábel de 2/3 do número de votos presentes ou representados.

#### **Título IV. Capítulo Primeiro. Artigo 24. Punto 3.**

##### Eliminar o citado punto:

A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente no primeiro cuadrimestre do ano.

#### **Título IV. Capítulo Primeiro. Artigo 27. Punto 2.**

##### Onde cita:

Será precisa unha maioría cualificada dos votos en asemblea constituída, co quorum establecido no artigo 24.2 destes Estatutos, para a adopción dos acordos que se sinalan a continuación.

##### Debe substituírse por:

Será necesario acadar unha maioría de alomenos o voto favorábel de 2/3 do número de votos presentes ou representados, para a adopción dos acordos que se sinalan a continuación:

#### **Título IV. Capítulo Segundo. Artigo 30.**

##### Onde cita:

Os mesmos poderán ser reelixidos un máximo de tres veces consecutivas para os correspondentes períodos trienais.

##### Debe substituírse por:

Os mesmos poderán ser reelixidos un máximo de catro veces consecutivas para os correspondentes períodos bianuais.

#### **Título IV. Capítulo Segundo. Artigo 31. Punto 1. Apartado e)**

Onde cita:

Vogais, sete como mínimo.

Debe substituírse por:

Vogais, cinco como mínimo.

#### **Título IV. Capítulo Segundo. Artigo 31. Punto 2.**

Onde cita:

O presidente, Vicepresidente/s, Secretario, Tesoureiro e dous vogais formarán a Xunta Permanente da Asociación.

Debe substituírse por:

O presidente, Vicepresidente/s, Secretario e Tesoureiro formarán a Xunta Permanente da Asociación.

#### **Título IV. Capítulo Segundo. Artigo 31. Punto 3.**

Onde cita:

Os compoñentes da Xunta Directiva deben ser socios da Asociación, maiores de idade, cun mínimo dun ano de antigüidade, estar en pleno uso dos dereitos civís, estar ao corrente no pago das cotas e non ter incorrido en ningún dos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Debe substituírse por:

Os compoñentes da Xunta Directiva deben ser socios da Asociación, maiores de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís, estar ao corrente no pago das cotas e non ter incorrido en ningún dos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

#### **Título IV. Capítulo Segundo. Artigo 33. Punto 1.**

Onde cita:

Formarán parta da Xunta Directiva un mínimo de sete vogais.

Debe substituírse por:

Formarán parta da Xunta Directiva un mínimo de cinco vogais.

#### **Título IV. Capítulo Segundo. Artigo 34. Punto 1.**

Onde cita:

1. Os membros electos da Xunta Directiva tomarán posesión dos seus cargos na mesma Asemblea Xeral na que resulten elixidos. O nomeamento dos cargos electos deberá ser certificado polo Secretario saínte co Visto e Prace do Presidente saínte.

Debe substituírse por:

1. Os membros electos da Xunta Directiva tomarán posesión dos seus cargos na mesma Asemblea Xeral na que resulten elixidos

#### **Título IV. Capítulo Segundo. Artigo 35. Punto 1. e)**

Onde cita:

e) Acordo da Xunta Directiva, adoptado por maioría de 2/3 dos votos, ou por acordo da Asemblea Xeral adoptado por maioría cualificada.

Debe substituírse por:

e) Acordo da Xunta Directiva, adoptado por maioría de 2/3 dos votos, ou por acordo da Asemblea Xeral adoptado por maioría simple.

#### **Título IV. Capítulo Segundo. Artigo 37. Punto 2.**

Onde cita:

A Xunta Directiva deberá reunirse como mínimo unha vez ao cuadrimestre.

Debe substituírse por:

A Xunta Directiva deberá reunirse como mínimo dúas vez ao ano, ou tantas veces como o Presidente o considere oportuno. As citadas reunións poderán realizarse de forma presencial ou empregando as tecnoloxías da comunicación e información mas axeitadas segundo o momento.

#### **Título IV. Capítulo Terceiro. Artigo 38.**

Onde cita:

A Xunta Permanente da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria estará formada por sete membros, todos eles membros electos da Xunta Directiva:

1. Presidente
2. Vicepresidente/s
3. Secretario
4. Tesoureiro
5. Dous vogais, elixidos de entre os seus propios vogais, pola Xunta Directiva

Debe substituírse por:

A Xunta Permanente da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria estará formada polos seguintes membros electos da Xunta Directiva:

1. Presidente
2. Vicepresidente/s
3. Secretario/a
4. Tesoureiro/a